

Acta da Comisión de Calidade do día 3 de Outubro de 2012

Asistentes:

Aneiros Pereira, Jaime
Dorribo Rivera, Miguel
Fernández Docampo, Belén
García Noriega, Lino José
Pita Grandal, Ana María
Rodríguez Domínguez, M^a Mar
Ruiz Hidalgo, Carmen

Excusan a súa asistencia: Grande Seara, Pablo e López Prieto, María Nieves.

Da comezo a reunión sendo as 10.30 da mañá co seguinte orde do día:

Primeiro.- Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior

Segundo.- Informes da Decana

Terceiro.- Aprobación dos autoinformes de seguimento do Centro correspondentes ao curso 2011-2012.

Cuarto.- Rolda aberta de intervencións

Primeiro.- Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (23 de Maio de 2012)

Aprobase a acta por asentimento

Segundo.- Informes da Decana

Non segundo punto do orde do día, a Decana informa dous seguintes temas:

- A) Preséntanse os resultados definitivos tras as alegacións presentadas aos informes de seguimento do curso 2010-11 do Grao en Relacións Laborais e do Máster en Ordenación Xurídica, sen que cambie a devandita valoración que segue sendo negativa. Tómase o acordo de volver presentar alegacións ao informe final
- B) A Decana comenta a valoración do VAD provisional que foi outorgada ao centro correspondente ao curso 2010-11. Incrementouse a puntuación respecto do curso anterior (de 3.25 a 3.36)

Terceiro- Aprobación dos autoinformes de seguimento do Centro correspondentes ao curso 2011-2012.

A Decana explica que o motivo da reunión de hoxe principalmente é a aprobación dos informes de seguimento das titulacións 2011-12. De todos os xeitos, o que somete a consideración son informes provisionais que serán obxecto dunha revisión técnica por parte da Universidade

Autoinforme Grao en Derecho.

A coordinadora do Título do Grao en Dereito, Profesora Carmen Ruiz, dice que existe un problema coa nota media (é unha errata na páx. 37 do autoinforme do Grao en Dereito). Igualmente formula o problema de valoración da taxa de eficiencia e rendemento, ao igual que problemas no análisis das devanditas taxas. Seguidamente intervén a decana Ana María Pita Grandal quen apunta que se ben ambas as dúas taxas gardan relación dende o punto de vista dos créditos, o tempo ou computo de medición difire, aparte disto, a taxa de rendemento non encontra referencia na memoria vixente. Polo tanto, se advirte a ausencia de referencia e comparación. Comenta ademáis que esta taxa pode formular disfuncións no caso hipotético dun alumno que de igual forma aprobe todos os créditos da carreira nun prazo superior ao tempo normal de referencia. Con todo, a ausencia de información abondo para unha aproximación real a esta taxa non é de todo fiable, máis aínda, cando todavía non rematou a primeira promoción.

Intervén o representante da área de calidade e membro da Comisión (Miguel Dorribo), quen apunta que o importante é unha análise do conxunto. Neste punto a decana Ana Maria Pita Grandal sostén que non se pode facer unha análise en conxunto debido á disparidade dos valores e, porque non é viable asumir dende Vigo a implantación do Grao en Dereito de Ourense.

De feito, a decana sostén como proposta de mellora a solicitude dun cambio no plan de estudos por canto hai cursos máis difíciles que outros e o feito de que estas taxas varíen dun curso a outro, necesariamente non debe atribuírse a un aumento ou diminución real destas. Tamén deberíase pedir á Universidade que remita a taxa de rendemento por curso académico para desta forma formular esta situación en Comisión Académica de Docencia, engádese que non é necesario solicitar a taxa de eficiencia, ao non ter transcorrido o tempo necesario para o seu computo.

Sínálanse erratas nas páx. 29 e 34, xa que en ambas as dúas están referidas ao mesmo aspecto. Sínálase o problema de avaliación das competencias, o sistema de avaliación continua e coñecemento obxectivo. Como resultado do debate propónse formular en Comisión de Docencia: Taxa de rendemento por ano, Como afecta á taxa de eficiencia e Competencias segundo nova nomenclatura MECEES.

Menciónase o aspecto da páxina 37 do autoinforme referido ao criterio 6 (Recursos Humanos), compárase os resultados de información pública na páxina web dende o punto de vista das diferenzas entre a facultade de Vigo e Ourense, no sentido de que na de Vigo titulacións como o Grao en RR.LL contan con profesores de distintos do ámbitos non soamente xurídico, por outra parte o mantemento da páxina web é custoso, co cal deberían ser os departamentos os que se encarguen de actualizar a información dos recursos humanos. Apróbase por asentimento.

Autoinforme Grao en Relacions Laborais e Recursos Humanos

Aparte do xa apuntado no informe de seguimento do Grao en Dereito, onde algúns

aspectos son comúns ao do Grao en Relacións, sinálase que a taxa de rendemento pode ser alta en contraposición coa de eficiencia que é baixa.

Intervén a decana Ana María Pita Grandal, quen reitera a solicitude para conseguir os datos destas taxas por curso para a súa posterior análise e traslado á Comisión de Docencia. Apróbase por asentimento.

Autoinforme Máster en Menores en Situación de Desprotección e Conflicto Social.

Apróbase por asentimento.

Autoinforme Máster en Ordenación Xurídica do Mercado.

Apróbase por asentimento.

Cuarto.- Rolda aberta de intervencións

A Decana comenta a posibilidade de axustar a composición da Comisión Interna de Garantía Interna e Calidade as novas titulacións do centro, quorum e funcionalidade da mesma, mediante a seguinte forma:

2 Representantes do Equipo Decanal: A decana como presidenta e a Vicedecana de calidade como secretaria da comisión. Ambos terían como suplentes respectivamente a Vicedecana de Docencia e a Secretaria da Facultade

Representante do PDI por cada Titulación:

1 polo Grao en Dereito

1 polo Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos

1 polo Máster en Ordenación Xurídica do Mercado

1 polo Máster en Menores en Situación de Desprotección e Conflicto Social

1 polo Máster en Xestión e Dirección Laboral

1 polo Máster en Avogacía Vigo

1 polo Máster en Avogacía Ponetevedra

1 Representante do alumnado dos Graos con un suplente

1 Representante do alumnado dos Posgrados con un suplente

1 Representante da Sociedade con un suplente

1 Representante do PAS e un suplente

1 Representante do Área de Calidade da Universidade e un suplente.

Pide novamente a palabra Miguel Dorribo e sinala que para o vindeiro ano 2013 deben certificarse o SIGC e debe acreditarse tamén os tres Másters (os dous implantados e o Máster Reactivado para o curso 2012-2013 de Xestión e Dirección Laboral), informa sobre as ferramentas e protocolos de acreditación, os cales están dispoñibles na web da área de calidade.

Pola súa banda, Carmen Ruiz insiste na importancia dos cronogramas como ferramenta de coordinación vertical.

Non habendo máis intervencións, levántase a sesión ás 13:20 do día sinalado, do que dou fe como secretaria.

A Secretaria

M^a del Mar Rodríguez Domínguez